



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POR O PLENO DO CONCELLO O DÍA 29 DE XULLO DE 2021.

En Laxe, sendo as 21:00 horas do día 29 de xullo de 2021, reúnense, no Salón de Plenos do Concello, aos efectos de celebración da sesión ordinaria, o Alcalde D. José Luis Pérez Añón presidindo o Pleno, e os concelleiros:

Dna Raquel Lema Allo (PP)
Don Diego Soto Pereiro (PP)
Don Eulogio Constantino Castiñeira (PP)
Don Francisco Charlón Oróns (PP)
Dna Sandra Mouzo Pose (PP)

Dna. Bárbara Varela Álvarez (PSdeG PSOE)
Dna. Consuelo Lemus Insua (PSdeG PSOE)
D. Fabián José Romar Lema (PSdeG PSOE)

D. Xosé Manuel Pose Lema (Representante do BNG e integrante do Grupo mixto)

Non asiste Dna. Marta Caamaño Alvarellos (PSdeG PSOE).

Actúa como Secretaria deste Concello, Dona Begoña Carrasco García.

Aberta a sesión por a Presidencia, procédese o análise dos puntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, BORRADOR ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE 27/05/2021.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Dase conta das acta da sesión de 27.05.2021, para a súa consideración polo Pleno da Corporación. Seguidamente, non habendo máis intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

BORRADOR ACTA 27/05/2021

VOTOS A FAVOR: 10 [6 do PP(D. José Luis Pérez Añón, Don Francisco Charlín Oróns, Dna. Raquel Lema Allo, Don Diego Soto Pereiro, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dna Sandra Mouzo Pose) 3 do PSdeG-PSOE (Dona Bárbara Varela Álvarez, Dna. Consuelo Lemus Insua, D. Fabián José Romar Lema) 1 do representante do BNG e integrante do Grupo mixto (D. Xosé Manuel Pose Lema)].

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 0

2.- APROBACIÓN CONTA XERAL DE 2020.

Dase conta da proposta ao Pleno

APROBACIÓN CONTA XERAL DO EXERCICIO 2020

Exp.2021/T017/000001

Dase conta seguidamente do estado de tramitación do expediente incoado para a aprobación, se procede, da Conta Xeral do Orzamento desta Entidade correspondente ao exercicio de 2020, e nomeadamente do ditame previo favorable emitido pola Comisión Informativa Especial de Contas de 25 de xuño de 2021, e da súa exposición ao público mediante o anuncio no Boletín Oficial da Provincia nº 122, de 1 de xullo de 2021, sen que se presentasen ao efecto reclamacións.

A vista do disposto nos artigos 212 e 223, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais – aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, propónse a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Prestar aprobación á Conta Xeral do Orzamento desta Entidade correspondente ao exercicio de 2020 nos termos da súa redacción.

Segundo.- Remisión da devandita Conta Xeral ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia, de conformidade coa lexislación vixente.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

En Laxe, documento asinado dixitalmente, na data sinalada ao marxe.

O alcalde

José Luis Pérez Añón

Seguidamente, non habendo intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 10 [6 do PP(D. José Luis Pérez Añón, Don Francisco Charlín Oróns, Dna. Raquel Lema Allo, Don Diego Soto Pereiro, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dna Sandra Mouzo Pose) 3 do PSdeG-PSOE (Dona Bárbara Varela Álvarez, Dna. Consuelo Lemus Insua, D. Fabián José Romar Lema) 1 do representante do BNG e integrante do Grupo mixto (D. Xosé Manuel Pose Lema)].

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 0

Polo que queda aprobado o seguinte **ACORDO:**

Primeiro.- Prestar aprobación á Conta Xeral do Orzamento desta Entidade correspondente ao exercicio de 2020 nos termos da súa redacción.

Segundo.- Remisión da devandita Conta Xeral ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia, de conformidade coa lexislación vixente.

3.-RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓNS ALCALDÍA NÚM. 407/2021 do 22/07/2021 e 412/2021 de 23/07/2021.

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Procedemento: *Convenio de cooperación entre la secretaría Xeral para o deporte e o concello de Laxe para o suministro de mobiliario e material deportivo para o pavillón municipal.*

Expediente núm.: 2021/A006/000006

Expte. Decreto Núm.: 2020/G003/000432

Antecedentes:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

A través do convenio de cooperación entre a Secretaría Xeral para o deporte e o Concello de Laxe será posible levar a cabo varias melloras no polideportivo municipal. Ditas melloras darán servizo as escolas deportivas municipais, as actividades físicas de adultos e dos máis maiores e os clubs deportivos locais. Podemos estimar en máis de 700 deportistas os beneficiados directamente de dita actuación e en máis de 1.500 os veciños/as que acudan a ditas instalacións como afeccionados/as.

O pavillón deportivo do núcleo urbano do Concello de Laxe localízase na zona denominada O Cabo da Area, próximo ao campo de fútbol, colexio e instituto municipais. A edificación conta cunha antigüidade superior os 30 anos. Con posterioridade na parcela anexa executáronse os vestiarios do campo de fútbol municipal destinando a planta alta a ximnasio e comunicándoa co pavillón.

Dada a antigüidade das instalacións e o uso das mesmas na zona do pavillón, moitas das mesmas presentan roturas, avarias, ou debido a idade das mesmas perderon a súa funcionalidade. Tendo en conta isto e co obxecto de dar unha maior oferta de actividades pretendese dende o concello renovar algunhas das instalacións e completar con material novo as ofertas existentes.

Pretendese do mesmo xeito mellorar a sala de “fitness” do ximnasio coa incorporación dunha nova máquina.

Visto o proxecto técnico presentado polo técnico municipal D. Jesús Manuel Mallo Puga, adscrito á empresa ATOMO ESTUDIO TÉCNICO como empresa que realiza a Asistencia Técnica no Concello de Laxe, (segundo Resolución da Alcaldía núm. 926/2019, de data 11/12/2019), en febreiro de obxecto do presente convenio consiste no suministro de mobiliario e material deportivo para o pavillón municipal.

Así pretendese a instalación de:

- Marcador electrónico para interior de 200x100x8 cm de dimensións deseñado para a súa ancoraxe a parede mediante barra metálica. Cumpre sinalar que a instalación será levada a cabo por persoal municipal.

E o subministro do seguinte material:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

- Xogo de postes metálicos de voleibol móbiles.
- Xogo de postes metálicos de tenis móbiles
- Corda de adestramento funcional
- Máquina de exercicio (Remo)
- Banco de suplentes de 3 ml (2 unds)

A finalidade do proxecto é a de mellorar a calidade de vida dos nosos veciños/as apostando por dotar de servizos deportivos de calidade encamiñados ao uso e goce do tempo libre de toda a poboación en xeral.

En base ás diferentes unidades de obra consideradas, o seu volume e máis a unha secuencia que permita a correcta execución das mesmas, o prazo de execución será un mes.

A actuación prevista: suministro de mobiliario e material deportivo no pavillón terá un coste de 14.995,59€, repartido entre as dúas administracións de:

- Achega Da S. Xeral para o Deporte: 12.000€
- Achega do Concello de Laxe: 2.995,59€

*Vista toda a documentación que obra no Expediente Admvo. núm.: **2021/A006/000006**, relativo ó Convenio de cooperación entre a secretaría xeral para o deporte e o concello de Laxe para o suministro de mobiliario e material deportivo para o pavillón municipal e visto o borrador de convenio remitido pola Secretaría Xeral para o Deporte e xustificada a necesidade da sinatura deste convenio de colaboración, esta alcaldía,*

RESOLVE:

PRIMEIRO.- *Aprobar o borrador de colaboración entre a Secretaría Xeral para o deporte e o concello de Laxe para o suministro de mobiliario e material deportivo para o pavillón municipal.*

SEGUNDO.- *Dar conta do presente acordo para a súa ratificación ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.*



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Mándao e asíno en Laxe, na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde D. José Luís Pérez Añón, do que eu, como secretaria, dou fé.

O alcalde
José Luís Pérez Añón

A secretaria-interventora
Begoña Carrasco García”

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Expte. Núm.: 2021/A006/000005

Expte. Admtvo. Núm.: 2021/G003/000437

Asunto: APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LAXE E O CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS EN MATERIA DE PERSOAL.

O POS+Adicional 1/2021 aprobado pola Deputación Provincial da Coruña outorga no ano 2021 axudas aos Concellos da Provincia para a financiación de gastos sociais extraordinarios derivados do impacto económico e social do COVID-19 en materia de servizos sociais.

Ante esta situación, recórrese a colaboración entre o Concello de Laxe e o Concello de Cabana de Bergantiños, para o reforzo de persoal dos departamentos de ambos Concellos, co obxecto de apoiar aos departamentos de servizos sociais e facilitar a tramitación urxente das prestacións incluídas no POS+Adicional 1/2021, entre outras, a tramitación de axudas económicas para a cobertura de necesidades básicas das persoas e familias, ampliación do servizo de axuda no fogar, medidas de conciliación, etc.

A proposta de Convenio ten o seguinte teor literal:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LAXE E O CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS EN MATERIA DE PERSONAL.

Xuño de 2021

COMPARECEN



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Por outra parte, Don José Luis Pérez Añón, Alcalde-Presidente do Concello de Laxe, en uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local

Por unha parte, Don José Muíño Domínguez, Alcalde-Presidente do Concello de Cabana de Bergantiños, en uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto:

EXPOÑEN

1º.- *Que ambas entidades locais están amparadas para a subscrición de convenios de colaboración para garantir unha prestación mais eficaz dos servizos básicos da súa competencia, en virtude do disposto nos artigos 47.2 a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nos artigos 5.2, 187 e 193 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.*

2º.- *A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación, e mediante a necesaria colaboración entre distintas administracións locais, para poder prestar aos veciños servizos de calidade.*

3º.- *Que o POS+Adicional 1/2021 aprobado pola Deputación Provincial da Coruña outorga no ano 2021 axudas aos Concellos da Provincia para a financiación de gastos sociais extraordinarios derivados do impacto económico e social do COVID-19 en materia de servizos sociais.*

4º.- *Que o Concello de Cabana de Bergantiños ten constituída bolsa de emprego de traballadores sociais.*

CLAUSULAS

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

1ª.- Obxecto do Convenio e ámbito de aplicación.

Este Convenio ten por obxecto a colaboración na selección de funcionario interino, traballador social, para o reforzo de persoal dos departamentos de ambos Concellos, co obxecto de apoiar aos equipos actuais e facilitar a tramitación urxente das prestacións incluídas no POS+Adicional 1/2021, entre outras, a tramitación de axudas económicas para a cobertura de necesidades básicas das persoas e familias, ampliación do servizo de axuda no fogar, medidas de conciliación, etc. Neste sentido, o Concello de Laxe poderá utilizar a bolsa de emprego constituída polo Concello de Cabana de Bergantiños.

2ª.- Servizos afectados pola realización das funcións e tarefas no ámbito territorial doutra entidade local e detalle das funcións e tarefas que desenvolverá o persoal afectado.

Os servizos afectados son os Servizos Sociais do Concello de Laxe e o Concello de Cabana de Bergantiños, para a realización das tarefas e funcións propias dun posto de traballador social. En concreto, o traballador social apoiará aos equipos actuais e facilitará a tramitación urxente das seguintes prestacións incluídas no POS+Adicional 1/2021:

- Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás persoas soas ou familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social, con baixos o nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración.*
- Axudas ás familias para gastos que faciliten a escolarización, material informático, acceso aos medios dixitais, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.*
- Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.*
- Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación.*
- Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar.*



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

- *Adquisición de medios de prevención (EPIS) destinados exclusivamente aos profesionais dos servizos sociais e ás persoas usuarias dos programas que non contén con medios para adquirir os mesmos, a criterio do persoal técnicos dos servizos sociais.*
- *Outras medidas que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, así como os servizos e centros de carácter municipal, con motivo desta crise e sexan debidamente xustificadas*

3ª.- Forma de colaboración das partes

O Concello de Laxe utilizará a bolsa de emprego de traballadores sociais aprobada polo Concello de Cabana de Bergantiños, e posteriormente procederá a nomear a un funcionario interino para a execución de programas temporais, figura prevista no artigo 10.1.c do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro.

O programa terá un período de duración máximo de tres anos, condicionado ás necesidades nos departamentos de servizos sociais de ambos Concellos e a continuación do financiamento por parte da Deputación dos gastos sociais extraordinarios para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19 en materia de servizos sociais nos anos sucesivos.

*A día de hoxe, **D. ÓSCAR CABANA GONZÁLEZ, con DNI 32701979G**, foi nomeado funcionario interino por Resolución da Alcaldía núm. 296/2021, do 11 de xuño, no posto Escala Administración Especial, Subescala Técnica, categoría traballador social, grupo A2 do Concello de Cabana de Bergantiños para a execución do programa POS+ ADICIONAL 1/2021” financiado pola Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, en virtude do previsto no art. 23.2 c) da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, e 10.d c) do Texto refundido do empregado público, Lei 5/2015, do 30 de outubro, Estatuto básico do empregado público, nun 50 % da xornada.*

Dado que o Concello de Laxe tamén pretende un nomeamento ao 50 % da xornada, e este empregado público desempeña as mesmas funcións no Concello de Cabana de Bergantiños que as que solicita o

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Concello de Laxe, parece axeitado, propoñer a este traballador para a prestación de servizos no Concello de Laxe ao 50 %, unha vez obtido o consentimento do dito traballador.

O funcionario prestará os seus servizos na porcentaxe do 50% da xornada en cada un dos Concellos, distribuíndo os días da semana do seguinte xeito: 3 días nun concello e 2 noutro, alternando semanas, e sempre baixo as necesidades do servizo.

O custos salariais serán abonados directamente por cada Concello ao funcionario seleccionado na porcentaxe do 50%.

Este Convenio non supón gasto algún para os Concellos, sen prexuízo dos derivados das retribucións, custos de seguridade social e outros ligados ao nomeamento interino que no futuro se produza.

A cesión de datos previos ao nomeamento do funcionario interino esixirá o consentimento expreso por parte do interesado. A comunicación afectará exclusivamente aos datos dos candidatos aos que corresponda o seu nomeamento, segundo a orde de clasificación da bolsa.

4ª- Vixencia do Convenio. *O presente convenio entrará en vigor dende o momento da súa sinatura e surtirá efectos ata a finalización do programa que financia a Deputación para a cobertura de gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19, cun máximo de tres anos dende a selección do traballador social, aínda que en calquera momento anterior, as partes poden extinguir o dito convenio, previa comunicación a outra parte con unha antelación de 5 días, polos seguintes motivos;*

- Por non ser necesaria a prestación da dita colaboración.

5ª.- Cuestións litixiosas. *Este Convenio ten carácter administrativo, réxese polo establecido nas súas cláusulas. Se non hai acordo, as cuestións litixiosas serán de coñecemento da orde xurisdiccional Contencioso-Administrativa.*



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

O alcalde do Concello de Laxe O alcalde do Concello de Cabana de Bergantiños”

Vistas a atribucións conferidas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, esta alcaldía **RESOLVE:**

PRIMEIRO: Aprobar o Convenio que figura no corpo desta resolución, no que se regula a colaboración administrativa entre ambos concellos para o asunto de referencia.

SEGUNDO: Dar conta ao Pleno da Corporación na próxima sesión que se celebre.

Laxe, documento asinado dixitalmente na data ao marxe.

O alcalde
José Luis Pérez Añón

A secretaria-interventora
Begoña García Carrasco”

Seguidamente, non habendo intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 10 [6 do PP(D. José Luis Pérez Añón, Don Francisco Charlín Oróns, Dna. Raquel Lema Allo, Don Diego Soto Pereiro, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dna Sandra Mouzo Pose) 3 do PSdeG-PSOE (Dona Bárbara Varela Álvarez, Dna. Consuelo Lemus Insua, D. Fabián José Romar Lema) 1 do representante do BNG e integrante do Grupo mixto (D. Xosé Manuel Pose Lema)].

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 0

Polo que queda aprobado o seguinte **ACORDO:**

Ratificar ás resolución de Alcaldía núm. 407/2021 do 22/07/2021 e 412/2021 de 23/07/2021.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

B) PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

4.- DACIÓN CONTA DECRETOS DE ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no artigo 42 do RD 2568/1986, do 289 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dase conta ao Pleno das Resolucións en extracto adoptadas pola alcaldía dende a convocatoria da última sesión do Pleno ordinario ata a convocatoria da sesión de hoxe.

Nº Decreto	Nº de Expediente	Asunto
000274/2021	2021/ G003/000293	SOLICITUDE CAMBIO TITULARIDADE RECIBOS TAXAS RECOLLIDA DO LIXO E SUMIDOIROS POR UNHA VIVENDA SITUADA NA R/ VILLA AMPARO, NÚM. 17 - 4º, LAXE - MATILDE TOSTADO COUSILLAS
000275/2021	2021/ G003/000294	Solicitud de axuda no fogar por libre concurrencia de MANUEL LEMA PAZ
000276/2021	2021/ G003/000285	DECRETO DE CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 27 DE MAIO DE 2021
000277/2021	2021/ G003/000300	MARIA JESUS ALDAO MARTINEZ, ALTA TASAS BASURA Y ALCANTARILLADO
000278/2021	2021/ G003/000299	DELEGACIÓN DA ALCALDÍA PARA A CELEBRACIÓN DE MATRIMONIOS CIVÍS O DÍA 5 DE XUÑO DE 2021
000279/2021	2021/ G003/000302	APROBACIÓN DE COMISSIONS BANCARIAS DO BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA
000280/2021	2021/ G003/000304	DEVOLUCIÓN CARGO BANCARIO NA CONTA DO BANCO SABADELL
000281/2021	2021/ G003/000303	CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBENO LOCAL DE DATA 27 DE MAIO DE 2021

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

000282/20	2021/	APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURA F/2021/14
21	G003/000307	
000283/20	2021/	HORAS EXTRAS REALIZADAS FORA DA XORNADA NORMAL DE TRABALLO POLO
21	G003/000295	OPERARIO DE SERVICIOS MUNICIPAIS PABLO MARTINEZ ROMERO
000284/20	2021/	HORAS EXTRAS REALIZADAS FORA DA XORNADA NORMAL DE TRABALLO POLO
21	G003/000296	TRABALLADOR MUNICIPAL ALEJANDRO MALVIDO PUENTE.
000285/20	2021/	HORAS EXTRAS REALIZADAS FORA DA XORNADA NORMAL DE TRABALLO POLO
21	G003/000297	TRABALLADOR MUNICIPAL VICTOR MANUEL GARCIA POSE
000286/20	2021/	HORAS EXTRAS REALIZADAS FORA DA XORNADA NORMAL DE TRABALLO POLO
21	G003/000298	OPERARIO DE SERVICIOS MUNICIPAIS FRANCISCO JAVIER CUNDINS POSE
000287/20	2021/	HORAS EXTRAS REALIZADAS FORA DA XORNADA NORMAL DE TRABALLO POLO
21	G003/000301	OPERARIO DE SERVICIOS MUNICIPAIS JOSE MANUEL SANTOS POSE
000288/20	2021/	Corrección de erros da Resolución de Alcaldía núm. 260/2021, de data 14/05/2021
21	G003/000305	pola que se determinación das retribucións salariais máximas para o/a auxiliar administrativo/a solicitado/a na Orde de fomento do emprego e mellora da empregabilidade, convocatoria para exercicio do ano 2021, para o "Servizo destinado a actividades relacionadas coa transformación dixital"
000289/20	2021/	Corrección de erros da Resolución de Alcaldía núm. 261/2021, de 14/05/2021 para
21	G003/000308	solicitud de subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, convocatoria para exercicio do ano 2021
000290/20	2021/	PAGO A JUSTIFICAR DE MARCIAL ALVAREZ POSE
21	G003/000309	
000291/20	2021/	APROBACIÓN DOS PADRÓNS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. 2021
21	G003/000310	
000292/20	2021/	JOSE ANTELO TRIGO, CAMBIO TITULARIDADE RECIBOS TAXAS RECOLLIDA DE
21	G003/000311	RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E SUMIDOIROS POR UNHA VIVENDA SITUADA EN R/ VALLE INCLÁN, NÚM. 14 - 3ºDTA, LAXE

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

000293/20	2021/	PROPOSTA DE GASTO CULTURA : PREMIOS II CERTAME DE DEDICATORIAS "DILLO BEN
21	G003/000306	BONITO": "O AMOR PRÉMIASE EN LAXE"
000294/20	2021/	APROBACIÓN DAS NÓMINAS DO MES DE MAIO 2021
21	G003/000312	
000295/20	2021/	Aprobación da xustificación final e verificación da subvención concedida para a
21	G003/000314	contratación de 1 traballador desempregado para a realización do servizo de Xestión de biomasa e limpeza de montes no concello de Laxe. Convocatoria 2020.
000296/20	2021/	Aprobación da certificación núm. 2 denominada Rectificación Certificación núm. 2 e
21	G003/000313	final da obra "Remodelación e pavimentado da Praza da Rúa do Cantón, no Concello de Laxe" incluída no POS+ 2019 da Deputación Provincial da Coruña, e da factura núm. 2021 45 de López y Leis, S.A., de data 30/04/2021
000297/20	2021/	TRAMITACIÓN CONXUNTA DE DECRETOS - PADRÓN HABITANTES MAIO 2021
21	G003/000316	
000298/20	2021/	PAGO A JUSTIFICAR A ALFREDO LEMA AGRA, ITV VEHICULO MATRICULA 8747BYJ.
21	G003/000318	
000299/20	2021/	APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURA F/2021/16 . ARQYUR
21	G003/000319	
000300/20	2021/	DECRETO DE CONVOCATORIA DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS DE DATA DE DE
21	G003/000281	2021
000301/20	2021/	Aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos convocatoria para a selección e provisión dun posto de traballo de funcionario/a interino/a de auxiliar administrativo, Administración Xeral, Subgrupo C2, na área de Servizos Sociais para a execución de programas de carácter temporal e de duración determinada que non respondan a necesidades permanentes da administración.
21	G003/000317	
000302/20	2021/	Tramitación de Decretos - 99500000022685 Acuerdo Inicio Acuerdos de Inicio
21	G003/000322	
000303/20	2021/	SOLICITUDE DE MARIA TERESA CANOSA TOJA COLOCACIÓN ANDAMIOS NA R/ DOS
21	G003/000323	PLAZUELAS, NÚM. 32, LAXE PARA OBRAS DE PASTEADO E PINTADO DE FACHADAS

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

000304/20	2021/	(2021/U026/000019)
21	G003/000321	DEVOLUCIÓN CARGO BANCARIO NA CONTA DO BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA
000305/20	2021/	APROBACIÓN DE COMISIÓNS BANCARIAS DO BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA
21	G003/000320	
000306/20	2021/	SOLICITUDE AXUDA EMERXENCIA SOCIAL.- ELECTRODOMÉSTICOS.- AMBAR CRISTINA
21	G003/000324	VIZCARRA FRANCO.
000307/20	2021/	APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURA F/2021/17
21	G003/000325	
